



Obxecto:	Documentación presentada pola promotora do 20.12.2022 sobre os cambios introducidos antes de ser emitida a Declaración de impacto ambiental (DIA)
Proxecto:	Parque eólico (PE) dos Cotos
Localización:	Concello de Cercedo-Cotobade (Pontevedra)
Promotor :	Tiraventos, SL
Remitente:	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN661A 2011/18-4
Data rexistro:	01.06.2023
Expedientes:	03.I.426.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA1148/2011 (Servizo de Arquitectura)

O 01.06.2023 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, polo que se dá traslado dunha documentación presentada pola entidade promotora do PE dos Cotos o 20.12.2022 en relación aos cambios que foran introducidos no proxecto deste parque eólico antes de ser emitida a DIA, e que non foran informados expresamente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante DXPC). Inclúese unha ligazón para descargar a documentación correspondente.

ANTECEDENTES

En relación co proxecto de referencia atópanse nesta DXPC os seguintes antecedentes:

- "Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico dos Cotos (marzo 2012)", informado de xeito favorable pola DXPC o 31.01.2013, coas seguintes cautelas: retirada ou desprazamento dos aeroxeradores A1 e A2, situados na área de influencia do Foxo de lobo das Brañadeiras, así como a necesidade de realizar un control e seguimento arqueolóxico durante todas as fases da obra.
- "Prospección arqueolóxica intensiva do Parque eólico dos Cotos, no concello de Cercedo-Cotobade (Pontevedra)", autorizada pola DXPC o 03.09.2020 baixo a dirección do arqueólogo Fidel Méndez Fernández, da empresa Terra Arqueos S.L. Este proxecto de intervención recibiu o código CT 102A 2020/551-0.
- "Estudo de Impacto Ambiental. Parque Eólico dos Cotos (2021)" e "Proxecto de Interese Autonómico. Parque Eólico dos Cotos (2021)", informado de xeito favorable pola DXPC o 20.05.2022, a excepción do trazado da liña eléctrica que comunica os aeroxeradores A1 e A2 coa subestación, e que pasa pola ponte do Pozonero.
- "Resposta do promotor ao informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 20.05.2022 sobre o Estudo de Impacto Ambiental e Proxecto de interese autonómico do Parque eólico dos Cotos", informada de xeito favorable pola DXPC o 06.09.2022, e condicionada a que se modifique o deseño do tramo de vial novo que parte da estrada PO-233 cara aos aeroxeradores A1 e A2 e se busque unha alternativa que evite afectar o contorno de protección do xacemento arqueolóxico da Mámoa das Lagoas (GA36012051).
- "Resposta do promotor ao informe da DXPC do 06.09.2022, en relación co EsIA e PIA do Parque eólico dos Cotos (Cercedo-Cotobade, Pontevedra)", informada de xeito favorable o 20.10.2022 en relación coa modificación do trazado do vial de acceso aos aeroxeradores A1 e A2 que se formulou para non afectar o contorno de protección do xacemento arqueolóxico da Mámoa das Lagoas (GA36012051), e polo que se considerou que xa non existía impacto sobre o devandito ben arqueolóxico agás un pequeno tramo do trazado da gabia para o cable que se proxecta nun tramo da estrada estrada PO-233, a uns 170 m ao nordeste da mámoa. Tendo en conta que a gabia se proxectaba escavala sobre un espazo xa alterado pola propia construción da devandita estrada, considerouse que o impacto era compatible coa medida protectora de control e seguimento arqueolóxico das obras.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)
- Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139 do 18.07.2008)
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36 do 22.02.2011)
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)
- Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)
- Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)
- Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia (DOG do 14.01.2021).
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)
- Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04.07.2022).

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Avaliación dos cambios introducidos no proxecto con posterioridade á emisión do informe da DXPC Parque eólico dos Cotos. Ano 2022

- Na documentación remitida e presentada pola entidade promotora o 20.12.2022 indícase que o obxectivo é avaliar o potencial impacto sobre o patrimonio natural dos cambios que foron introducidos no proxecto antes de ser emitida a DIA, e que non foran informados expresamente pola DXPC. Segundo os redactores, esta avaliación permitiría determinar se estes cambios supoñen ou non efectos ambientais sobre o patrimonio cultural, distintos aos xa valorados nos informes emitidos pola DXPC. No apartado 4.1, condicións particulares, da DIA emitida o 11.11.2022 establécese a necesidade de contar co informe da DXPC sobre o cambio no proxecto que fai referencia ao soterramento da gabiá de cableado baixo o leito do río Alfofrei. Este cambio (introducido no proxecto como consecuencia do informe da DXPC de data 20.05.2022) xa fora informado de forma favorable pola propia DXPC no seu informe de data 06.09.2022, documento que se cita no punto 2.2 da DIA. Con todo, e co fin de dar cumprimento á DIA, no presente documento descríbese o citado cruzamento da liña eléctrica baixo o río Alfofrei, ao obxecto de que a DXPC emita o informe requirido na DIA.
- De entre os cambios incluídos no proxecto antes da emisión da DIA, indícase que non foran informados pola DXPC os seguintes:
 - A modificación da superficie da plataforma e do acceso ao aeroxerador A3.
 - A redución do tamaño da plataforma de montaxe do aeroxerador A5 e da lonxitude do acceso de nova construción, así como do seu trazado.
 - O desprazamento da subestación cara ao nordés.
 - O acondicionamento do miradoiro de Monte Sisalto, nas proximidades do aeroxerador A3.
 - A modificación do tramo final do acceso ao aeroxerador A1 para evitar a afección a unha zona húmida.



- A eliminación do baño da subestación do parque eólico.
- Os axustes realizados no deseño da intersección do tramo inicial do camiño de acceso aos aeroxeradores A1 e A2 coa estrada PO-233 en cumprimento da normativa de estradas.
- Tras analizar e valorar os impactos derivados da inclusión dos cambios introducidos no proxecto antes de ser emitida a DIA, a promotora expón que as variacións que non foran informadas pola DXPC son moi pouco significativas desde o punto de vista ambiental, e non só non supoñen ningún impacto maior sobre ningún dos parámetros de estudo, senón que diminúen a afección sobre o patrimonio cultural. Por tanto, conclúen que os cambios introducidos non supoñen efectos ambientais sobre o patrimonio cultural distintos dos xa informados pola DXPC.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes **consideracións técnicas**:

- Segundo a documentación presentada, modificouse o trazado do vial de acceso aos aeroxeradores A1 e A2 no tramo inicial que parte da estrada estrada PO-233 para non afectar o contorno de protección das Mámoa das Lagoas (GA36012051), -ademais dos axustes realizados no deseño da intersección do tramo inicial deste novo vial de acceso para cumprir a normativa de estradas-; de tal xeito que xa non existe impacto sobre o devandito ben arqueolóxico agás un pequeno tramo do trazado da gabia para o cable que se proxecta nun tramo pola marxe da antedita estrada PO-233, a uns 170 m ao nordeste da mámoa. Tendo en conta que a gabia se vai escavar sobre un espazo xa alterado pola propia construción da devandita estrada, considérase que este impacto é totalmente compatible coa protección da mámoa coa medida protectora de control e seguimento arqueolóxico das obras.
- Asemade, o cruzamento da liña eléctrica polo río Almofrei realizaríase mediante unha perforación dirixida evitando ancorar a devandita liña á Ponte do Pozonegro, elemento arquitectónico catalogado no PBA.
- O resto de modificacións introducidas no deseño do parque eólico non producirían novos impactos sobre elementos de patrimonio cultural coñecidos e se realizarían en zonas xa previamente avaliadas, dado que os cambios realizaríanse nos contornos das posicións orixinais. A modificación do trazado do vial de acceso ao aeroxerador A1 afástase máis do contorno de protección do xacemento arqueolóxico de Coto da Torre (GA36012047) con respecto á posición orixinalmente proxectada.
- Porén, cómpre recordar a natureza do rexistro arqueolóxico e etnográfico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de novos bens non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configuraren a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio.
- A este respecto, sempre é oportuno realizar controis arqueolóxicos presenciais das rozas de vexetación con carácter previo a iniciar os movementos de terras, e, moi especialmente, onde se teñan documentado topónimos, indicios, referencias, ou naquelas zonas de implantación de infraestruturas que non foi posible revisar en campo pola presenza de abundante e tupida vexetación. Xa que logo, todas as áreas de roza da vexetación previa ao inicio dos movementos de terras deberán ser supervisadas de xeito continuo e presencial polo persoal técnico autorizado para realizar o control e seguimento das obras de construción do parque eólico, e, inspeccionadas as superficies para tratar de comprobar que non se vexan afectados restos arqueolóxicos que estivesen ocultos ou semiocultos.
- Neste eido, lémbrese que tanto no Anexo 10 do EsIA deste parque eólico como nos anteriores informes da DXPC foron identificadas algunhas zonas que non puideron ser prospectadas axeitadamente, e nas que se terá especial coidado.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver o informe técnico e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte



INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, maniféstase a conformidade coa documentación achegada, e, por tanto, emítese un informe **favorable** das modificacións introducidas no deseño do Parque eólico dos Cotos segundo o reflectido na documentación remitida o 01.06.2023.

Polo demais, manteranse o resto de medidas protectoras e correctoras en materia de patrimonio cultural recollidas no Anexo 10 do EsIA, e mais as consideracións e condicións expresadas nos informes favorables da DXPC emitidos o 20.05.2022, 06.09.2022 e 20.10.2022, relativos ao Estudo de impacto Ambiental (EsIA) e o Proxecto de Interese Autonómico (PIA) deste parque eólico.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural

Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación

